

**ACTA FINAL DA SESIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE TÉCNICO EN INFORMACIÓN TURÍSTICA A TEMPO PARCIAL (87,5%-7 H/DÍA) AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO**

Na Casa do Concello de Mondoñedo, sendo as oito e quince horas do 11 de xuño de 2021, constitúese o Tribunal cualificador do PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE TÉCNICO EN INFORMACIÓN TURÍSTICA, A TEMPO PARCIAL (87,5%-7 H/DÍA) AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO. A continuación procédese á realización do baremo de méritos, rematando a súa realización ás 08:25 horas.

Preside o acto Abel Vigo García, Arqueólogo. A secretaria do tribunal é D.<sup>a</sup> Remedios Rego Villalba, Secretaria Interventora Accidental do Concello, asistindo como vogais D.<sup>a</sup> Sonia María Fraga Otero, Traballadora Social do Concello, D.<sup>a</sup> María Esther Otero González, responsable da Oficina de Información Xuvenil, e D. José Manuel Otero Corral, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Mondoñedo.

A proba de oposición comeza ás 8:47 h. e remata ás 9:08 h.

O tribunal quere facer constar na acta que non se bareman nin as prácticas, nin os coñecementos de idiomas por non estar contemplados expresamente nas bases de convocatoria.

Realizada en sesión non pública a valoración dos méritos acreditados polos candidatos/as admitidos/as e segundo o baremo e o resultado da fase de oposición, contido nas Bases da Convocatoria (Base Sétima), obtívose o resultado seguinte:

Apelidos e Nome	DNI	Experiencia Profesional (Máx. 4,5 ptos)	Formación (Máx. 3,5 ptos)	Proba Oposición (Máx. 12 ptos)	Proba Galego	Total
GONZÁLEZ FRESNO, JIMENA	***0831**	0,00	0,25	9,30	APTO	9,55
VÁZQUEZ LÓPEZ, MARÍA JOSÉ	***7527**	0,80	1,90	NP	CELGA 4	NP

NP: Non presentado/a

Unha vez realizada a proba da fase de oposición, advírteselle á candidata que ten que superar a proba de Galego: D.<sup>a</sup> Jimena González Fresno con DNI \*\*\*0831\*\*, da realización da proba de galego, polo que a candidata que ten a obriga de realizala, renuncia ao dereito de que transcorran 48 h entre a proba práctica e a proba de galego.

A proba de galego comeza ás 9:14 h e remata ás 9:35 h, resultando a candidata como APTA nesta proba.

Ás 09:35 h. remátase o proceso selectivo.

Á vista do resultado da baremación e da proba de oposición, o Tribunal Cualificador acordou propoñer como aprobada para cubrir un emprego de carácter laboral temporal, a tempo parcial, de Técnico de Información Turística do Excmo. Concello de Mondoñedo a D.<sup>a</sup> Jimena González Fresno con DNI \*\*\*0831\*\*.

E para que conste, aos efectos oportunos, esténdese a presente acta que en proba da súa conformidade asinan os membros do Tribunal Cualificador, e de todo o que, como secretaria, certifico.